



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 27 DE MARZO DE 2008.-**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D. José Juan Vilasanchez Pazos D^a María Victoria Montenegro Paz. D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario.:</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día vinteseite de marzo de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto 1.- PRORROGA DE DELEGACIÓN COMPETENCIAS TRIBUTARIAS.-

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que este tema se abordou o outro día na Xunta de Provoques, con indicación de que o parecer chegará unha comunicación da Deputación de A Coruña, na que nos instaba para a renovación da delegación que se fixo no seu día, no expediente non figura ningún papel, revisando o acordo que se fixo no Pleno de 22 de agosto de 2001, se fixo por un prazo de 10 anos, polo tanto se son 10 anos todavía non está cadacudada a Delegación que se fixo no seu momento, en todo caso, se eso efectivamente vence no ano 2011, o acordo podería quedar sobre a Mesa, pois nos tiñamos certo interese en revisar o grado ou nivel de cumprimento dalguns impostos, como se é o caso a ampliación da Delegación xenerica que se fixo no seu día, se isto non vence, non apremia, perfectamente se pode deixar sobre a Mesa, pasalo a Comisión de Facenda, e alí se pode dar o debate, en concreto se se quere facer algunha ampliación das delegacións que temos feitas.



Toma a palabra o Sr. Secretario, manifestando que non hai unha comunicación oficial, que o que hai é un correo electrónico, e que efectivamente a delegación remata no ano 2011.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que non hai presa, que quedan dous ou tres anos, e como se falaba o outro día no momento no que se faga se estudie a posibilidade de engadir algun outro imposto, facer a renovación dun contrato tres anos antes de que remate non ten ningún sentido, polo que vamos a solicitar que o tema quede sobre a mesa, porque non ganamos absolutamente nada se o facemos agora.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que vai a reproducir o tratado na Xunta de Portavoces, cando se tratou a convocatoria deste Pleno Ordinario, non había asuntos ó Sr. Secretario, se lle preguntou se había algún asunto e por este se nos dixo que había chegado unha comunicación da Deputación en relación con este asunto, e era o único que podía vir, no fondo, do tema estabamos todos de acordo, a Deputación esta levando ben, o tema de recadación de tributos, e nese sentido nos pronunciamos a favor, aínda que recoñece que non ten problema en deixalo sobre mesa, se hai que adherirse eu me adhiero e senón que quede sobre mesa.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular, o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que sabemos como chegou este asunto á Orde do Día, e tamén sabemos que a xestión que fai a Deputación no cobro non a vai facer ningún outro organismo, xa que estamos a falar dun oitenta e pico por cento de efectividade, as unicas dubidas que tiñamos nos era nas plusvalías, se esta facendo ben o servicio é excelente, e nos da igual facelo agora que dentro de dous anos. No ano 91 a efectividade andaba polo 60% e agora está cerca do 90%.

O Sr. Rodríguez Doval, di que na Xunta de Portavoces se manifestou a favor porque entendeu que o convenio caducaba, a mín no me parece prudente suscribir un convenio que remata dentro de tres anos, porque igual dentro de tres anos xa non estamos nos aquí, facer un compromiso para dentro de tres anos non ten ningún sentido, en resumen non perdemos nada deixando o tema sobre a mesa pois quedan tres anos e medio para que remate o convenio.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que o envío do correo electrónico a todos os Concellos fai que por parte destes se este aprobando a prorrogas, en concreto o Concello de Fene xa se aprobou e xa están saíndo publicados no BOP a aprobación por parte de diversos Concellos.

Rematado o debate sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 NAL e dúas abstencións (2 BNG).



E en consecuencia adoptase o seguinte acordo:

Prorrogar ata o 1 de xaneiro de 2022 as delegacións de competencias en materia tributaria realizadas por este Concello na Deputación e que se rematarían orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións que se acorden dende o día da data ata o 31 de decembro de 2011.

Abrir un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere intervir en relación cunha resolución do peche do bar "O Lago", que considera unha resolución inxusta, que é unha situación que único que conleva que se aplicamos esta resolución teremos que pechar todos os establecementos de Ares, eu como esto o vin sempre como un tema persoal, e todos vos fuchedes presentes na toma de posesión desta nova Corporación, que eu fun agredido física e verbalmente pola persoa denunciante e máis polo fillo, eu comuniquéi esto a varios membros do equipo de goberno, que esto era un tema familiar e que desde o Concello non debíamos entrar en estes detalles, eu vou a explicar aquí cales foron os feitos:

A raíz dun incendio que tivemos que vivir, por parte dunha persoa que queimou un vehículo municipal, e posteriormente queimou a terraza deste establecemento, o feito é que por parte desta persoa denunciante, pideu que por parte da aseguradora do establecemento se lle indemnizase, uns danos que ela pensaba que tiña, por parte da aseguradora non se fixo caso, e entón empezou a arremeter no Concello con escritos dicindo primeiro que no bar había moito ruído, despois cando se solicitou por parte da arrendataria licenza para o peche da terraza, que nos non lle diramos a licenza para o peche, despois presentou outro escrito de conforme as bombonas non cumprian a seguridade, e despois a tomou co ventilador de fumes de que non cumpría coa normativa. Nos mandamos ós técnicos municipais alí se lles requireu para que cambiara eso ou nos remitira un estudio homologado de que eso non emitía ruidos, e



cando se tomou posesión da Nova Corporación vos vivichedes o que pasou con esa Señora, e por parte da Policía Local non se intervinou non sei o porque, fun fisicamente e verbalmente agredido e creo esta consideración que é inxusta e lamentable, e pido aquí desde o Grupo do PP a todos os Grupos Políticos que esto non se leve a efecto en temas personais e máis cando son familiares, tiven que aguantar bastante presión sobre este tema, tiven moita presión sobre o tema do Hidra, e aqueles tres bares, e aguantei a presión porque aquí o que é a Hostelería en Ares pois traballa dous meses e a xente ten que aguantar un pouco, se molestan temos que aguantar un pouco a presión, e eu tiven que mandar pechar o Hidra e o Tablas pero porque tiven unha orde xudicial, e mentres non había unha Orde Xudicial eu aguantei, tiven que aguantar dimes e directes co tema do Tibu co tema de Titin porque están ata o día, pero desde a institución temos que aguantar, temos que entender porque senon nos cargamos a Hostelería, se vamos a ser exstrictos no cumprimento da Lei nos cargamos a Hostelería enteira, se vamos a tomar unha medida destas a temos que meditar moito e as consecuencias que levaron ó peche este entendo que non se deben de dar porque son consciente e o certifiquei que estamos a falar do local de Ares que menos ruido hai, proba evidente é que se pode preguntar a todos os veciños excepto a denunciante e veredes que non hai queixas. Alcalde medita esta Resolución de peche, e para outros casos que se medite ben, desde aquí temos que sopesar todo, temos que aguantar desde as institucións pois senon nos cargamos a hostelería.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que tiña previsto intervir no turno de rogos e preguntas, facer unha petición, pero xa que estamos agora co tema a fai agora. Como dixó a persoa que me precedeu, isto é un tema antigo, vou a pasar do conflito persoal ou particular que poida haber, se hai un conflito que lle afecto ó Concello será polo cumprimento ou non cumprimento dunha Lei ou dunha Norma, hai que buscarlle unha solución a este tema, a miña gran sorpresa foi que na Resolución da Alcaldía se explicita que no periodo de audiencia que se lle deu ó propietario ou propietaria non compareceu, e hai un informe técnico que dice que non se adapta as condicións da actividade que esta desenrolando na actualidade, é evidente que eu tamén comparto que a hostelería representa para o noso Concello unha actividade económica importante, nalgúns casos de subsistencia e noutros como medio de vida; eu digo que se hai unha norma a norma e para todo o mundo, pero aquí temos un conflito estamos diante dunha situación que non naceu agora, eu non formo parte do equipo de goberno, pero coñezo o problema porque as dúas partes faláron como hai máis dun ano, de dous, de tres e de catro e incluso máis tempo, e un conflito que ademáis ven adornado por cuestións personais, que a mín en concreto non me interesan, eu creo que se deberá buscar unha fórmula para que dentro da normativa que este establecemento o igual que o resto se teran que axustar para que poda funcionar. O que pon ó parecer na Resolución e que a actividade que está desenrolando que non se adapta á licenza que se lle deu no seu momento. Hai unha solución, que é que faga os trámites para que a actividade que está prestando neste momento a poda prestar con arreglo á Lei, non creo que sexa bo metodo a teoría de que si pechamos un tiñamos que pechar todos, como xa dixó o Sr. Cendán antes, hai conflitos que chegaron á Xustiza e despois cando lle deron a razón ó paisano este xa se fora a vivir a outro lado, o problema que temos aquí desde hai moito tempo



é a necesidade que teñen uns de traballar e outros de descansar, creo que lle hai que buscar unha solución, as noticias que eu teño son que pese a ter resolución de peche tivo aberto esta última semana, en calquera caso eu fago unha chamada ó grupo de goberno para que con toda a documentación na man se inicie con estas persoas para que dentro do que dice a lei se fagan as modificacións necesarias para que poidan traballar, fago esa chamada por si pode servir un pouco de equilibrio, non é unha cuestión de hai dous días, eu non teño ningún problema se teño que facer de intermediario entre os propietarios e o Concello e así levo gorrazos das dúas partes.

Dada a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, por este se manifesta que non ten nada que dicir, que o que ten falar e o Sr. Alcalde, que foi quen asinou a resolución.

O Sr. Alcalde di que antes de intervir el quería escoitar a todos os Portavoces, isto é unha historia que ven de largo, e como outras como se sole dicir a min me toca bailar coa máis fea, pois este conflito nin o xenerei eu, nin tiven nada que ver con el, cando era Concelleiro da oposición, estaba a disposición de todos os veciños que querían falar connigo, e eu nas Comisións ou nos Plenos podía loxicamente podía ter intervido a petición dos veciños, e eu sobre este tema nunca manifestei nada cando era Concelleiro da oposición, e o anterior o Alcalde que eu cando era Concelleiro da oposición nunca vin a falar deste tema, en consecuencia, miña aproximación a este tema e como Alcalde, existe unha situación que está enquistada e efectivamente, sei cales son as miñas responsabilidades e as miñas obrigas, todos sabemos que en materia de urbanismo este goberno tomou unhas decisións que podemos calificar no mellor dos casos como arriscadas, paralizando obras que valen millóns de euros, e as adoptei porque non tiña outra saída, e un Alcalde está para as duras e para as maduras, o igual que como Alcalde me gusta executar algúns proxectos que melloran Ares e o transforman, tamen sei que como Alcalde hai cousas que son duras, pero son Alcalde para o bon e para o malo, o día 29 de decembro de 2004 hai primeira denuncia, o día 3 de xaneiro de 2005 o Sr. Secretario informa, o día 5 de Xaneiro de 2005 a Xunta de Goberno se pronuncia, o 8 de febreiro de 2005 se presenta un novo escrito por parte da denunciante, o 3 de marzo de 2005 a Consellería de Industria di que este é competencia municipal, e que ten que resolverse no ámbito municipal, o 10 de maio de 2005 se pronuncia urbanismo e a Policía Local, o día 30 de maio de 2005 se presentan alegación, o 6 de xuño de 2005 se pronuncia novamente a Xunta de Goberno, o 5 de agosto de 2005 se presenta recurso de reposición por parte da denunciante o 30 de agosto de 2005 hai outro informe do Sr. Secretario, o 6 de setembro de 2005 se estima parcialmente o recurso de reposición presentado pola denunciante, eu non gobernaba en aquel momento, o 6 de setembro se notifica, o 9 de novembro de 2005 entra xa a figura do Defensor do Pobo dicien que que pasa con este tema, o 18 de novembro de 2005 volve haber novos informes de Urbanismo e da Policía, o 29 de novembro de 2005 o Defensor do Pobo comenza a enfadarse por que ve que isto non vai ben, e emenaza ó Alcalde con declaralo hostil, o 4 de xaneiro de 2006 Secretaria emite outro informe, o 5 de xaneiro de 2006 a denunciante presente outro escrito, o 9 de xaneiro de 2006 a Garda Civil lle remite a Alcaldía denuncias, o 1 de febreiro de 2006 o



Defensor do Pobo volve a decirlle ó Alcalde que ou colabora ou o declara hostil, o 20 de marzo de 2006 o Valedor do Pobo xa dirixe a advertencia directamente no seno do expediente, e dicir xa procede a unha declaración do Alcalde como hostil, o 27 de marzo de 2006 hai outro escrito da denunciante, o 5 de abril de 2006, ponse en coñecemento outro escrito da denunciante, o 7 abril de 2006 informa a Policia Local, o 18 de abril de 2006 novo escrito da denunciante, o 2 de maio de 2006 a Xunta de Goberno Local (eu non gobernaba daquela) adopta o acordo de facer un informe medición sobre o Bar "O Lago", o 10 de maio de 2006 ten entrada outro escrito do Valedor do Pobo dicindo que se ten que garantir o cumprimento da legalidade, o 1 de xuño de 2006 a denunciante presenta outro escrito sobre a medición acordada pola Xunta de Goberno, o 11 de xullo a Policia Local emite un informe, o 13 de xullo os servicios de urbanismo emiten o seu informe, o 14 de xullo se presenta unha nova denuncia, o 18 de xullo un novo escrito, o 6 de setembro de 2006 outro escrito do Defensor do Pobo, o 2 de outubro de 2006 se solicita a colaboración do Concello, o 4 de outubro hai outra denuncia, ese mesmo 4 de outubro a Policia Local presenta un informe sobre a comprobación de medidas correctoras, o 17 de outubro se presenta unha solicitude onde a denunciante pide copia dos informes da Policia Local o 17 de outubro de 2006 o anterior Alcalde na Xunta de Goberno Local adopta un acordo no que lle concede ó bar o Lago 2 días para que ese establecemento estableza as medidas correctoras que veñen recollida no informe da Secretaria, da Policia Local e das medicións, é retirar o sistema de extracción e o equipo de musica, limitando o volume do televisor, o que se lle notifica e consta a data de notificación, o 18 de outubro, novamente o Defensor do Pobo solicita un novo informe, o día 25 de outubro se presenta unha nova denuncia, o 26 de outubro de outubro urbanismo emite informe da visita de inspección que se fixo, o 21 de outubro a Policia Local presenta unha dilixencia de notificación, o 29 de outubro de 2006 ten entrada outro escrito do Defensor do Pobo, o 5 de febreiro de 2007 se lle contesta o Defensor do Pobo manifestandose que se lle diron 2 dias para que adopte as medidas correctoras o 28 de febreiro se aporta unha medición acústica por parte dos propietarios o 2 de marzo se remite esa medición acústica ó Defensor do Pobo, o 8 de marzo de 2007 os servicios de urbanismo volven a emitir informe sobre medición acustica, o 3 de maio a denunciante aporta informes medicos, ó 18 de xuño ten entrada outro escrito da denunciante, o 21 de xuño a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria adopta o acordo de incoar expediente sancionador, 2004, 2005, 2006 e 2007, o 21 de xuño se inicia a incoación de expediente sancionador para ver efectivamente o que realmente existe, os temas non se solucionan deixándoos pasar, non se solucionan non facendo nada, os temas se solucionan facendo o que a lei obriga a facer, ese expediente sancionador simplemente se incoa, non significa que se vaia a sancionar, pode rematar dandolle a razón á denunciante ou non dandolle a razón a denunciante, pero diante das denuncias que veñen dende o ano 2004 hai que abrir un expediente sancionador, outra cousa e como remate este expediente, cando se incoa o expediente sancionador, o día seguinte se ordena enviarlle a comunicación da iniciación de este expediente ó Defensor do Pobo que é o que viña pedindo. O día 14 de agosto de 2007 esto xa se complica porque ten entrada no Concello un escrito de Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción solicitando informe das actuacións que a partir da denuncia pola particular se fixeron no Concello, aquí xa entra un Xuiz, que me pregunta que estas facendo, o Xuiz o 14 de agosto solicita que se lle



comunique todas as actuacións o día 17 de agosto se lle remite o xulgado todo o que estamos facendo, o 26 de outubro os servizos de urbanismo emiten informe dunha visita de Inspección, o 2 de novembro se remite o Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción a copia do informe dos Servizos de Urbanismo, o 19 de novembro ten entrada nese Xulgado de Instrucción a copia de toda a documentación, o 23 de novembro ten entrada no Concello un informe da Policía Local, a Policía Local neste Concello é libre eu non lle mando o que ten que facer, a mín si un día a chaman e atende a chamada, e logo mete os seus informes por Rexistro, eu non lles mando o que teñen que escribir, o 3 de decembro o Xulgado de 1ª Instancia, cansado dos informes, me require, para que envíe copia das medidas que eu estou tomando, eu ata ese momento non mandei pechar, hai unha denuncia cos informes da Policía Local e Urbanismo por suposto sen interferencias de ningún membro da Corporación, isto é un expediente que sigue o seu curso, o 5 de decembro se lle notifica os propietarios do Café-Bar O Lago que teñen un trámite de audiencia para comparecer e dicir na súa defensa todo o que consideren oportuno, e dicir para alegar todo o consideran oportuno, o 11 de decembro me volve a enviar outro escrito o Defensor do Pobo, e a este se lle comunica que existe o trámite de audiencia e que temos que esperar que transcurran os 15 días do trámite, o 5 de marzo de 2008 pasado os 15 días do trámite de Audiencia, os denunciados non comparecen no trámite de Audiencia non fan uso do seu dereito, non aportan as probas que considerarian na súa defensa, eu teño que resolver, e o único que fago é cumprir, e non deixar que os temas pasen e se pudran, de enfentarme ós problemas, isto non se pode deixar pasar máis tempo, e que se fai desde a Alcaldía e tomar a única decisión posible porque os propietarios do Bar o O Lago non compareceron e non alegaron nada na súa defensa, sen nada no expediente non podía facer outra cousa que a que se fixo "clausura como medida cautelar", eso non é un peche definitivo, se adopta esta medida cautelar co ánimo de arranxar o problema definitivamente. O 12 de marzo os propietarios do Bar O Lago solicitan copia do expediente e se lles da, e partir desta data hai máis denuncias, e o que xa faltaba diante dun peche como medida cautelar, durante o procedemento se non se obedece unha Resolución da Alcaldía sabemos cal é o seguinte paso, e que eu saíba non se deu, cando se tratou dun obra e non se fixo caso ó día seguinte se precintou e que eu saíba o Bar O Lago non está precintado e non cumpre a orde de peche según dixo anteriormente o Portavoz do BNG. O tema esta no Xulgado 1ª Instancia e Instrucción está en mans da Autoridade Xudicial, e considero que non teño marxe, hai marxe de que os do Bar O Lago se personen no expediente, posto que o peche e como medida cautelar non é unha resolución que pon fin ó procedemento, comparezan os interesados para alegar o que estimen na súa defensa e corrixa as deficiencias que poidan existir e que motivaron este peche cautelar, as partes o que teñen que facer e corrixa a situación, todas as obras que se paralizaron en Ares se puxeron ben e continuaron, o Bar O Lago se pon ben e continua, é así de sinxelo, o que non podo facer é saltarme a Lei á torera, polo menos intento non saltala, eu non comento delitos, non podo caer nunha prebaricación nin activa nin por omisión, eu teño que obrar sempre conforme a Dereito, hai un expediente aberto, o peche e cautelar, non se deu ningún paso máis a maiores, máis que os que deu o Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción que esta coñecendo destes feitos. Dirixíndose ó Sr. Manuel Cendán, lle di que lle deu un prazo de 2 días para que corrixiran as deficiencias e non as fixeron, o seguinte paso o tiven que dar eu.



O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que é o segundo caso que se lle deu, que esta señora referíndose á denunciante practicamente se criou na miña casa, amiga da miña tia de toda a vida, eu tiven que aguantar esto porque sei que está desequilibrada, e que é un tema familiar, eu sempre me neguei a entrar en temas persoais e familiares, que as Corporacións fagamos de xusticieros con temas persoais e familiares, e fixen un resumen da historia, foi a raíz dun incendio nas mesas e sillas de plástico, esta señora quixo cobrar unha indemnización e a partir desa data comenzaron as denuncias, primeiro que facia ruído, a propietaria pideu permiso para o peche da terraza e esta señora presenta un escrito para que non lle demos licenza para o peche da terraza, como lle dimos a licenza, empezou co tema do gas, pola propietaria presentase un escrito de Repsol no que se manifesta que estaba ben, a continuación denuncia o tema do ruído, e como xa dixen antes estamos diante do negocio de Ares que menos ruído fai, eso podese comprobar, aquí vemos que é un tema persoal, e por si a miña parte non se lle respostou o Defensor do Pobo foi un tema administrativo, eu non estou en todos os temas e non levo conta dos prazos, se lle mandou retirar o extractor, o que non podo é por tonterías de esas non podo pechar un local. Aquí hai uns anos por parte da Agrupación de minusvalidos se denunciou que algúns locais non cumprian a lei de accesibilidade, e non se pechou ningún local, estamos a falar que somos o pobo pequeno e temos que convivir todos.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que isto non é cuestión de resistir presións é cuestión de cumprir a Lei o non cumpri-la, eu non funciona polo que me presiona a xente, eu fago o que creo que en todo momento é correcto, e nun expediente no que se da a oportunidade a todas as partes para que comparezan e aleguen na súa defensa o que consideren oportuno, e dar a oportunidade á xente para que cumpran as súas obrigas como as cumprimos todos, eu non fago o que me da a gana, hai unhas regras e hai que cumprilas, e con respecto o tema das barreiras arquitectónicas ten unha data de entrada en vigor que é partir da publicación da lei, e a súa responsabilidade e a miña e que a partir da entrada en vigor desa Lei as novas aperturas de locais a cumplan. Eu estou no meu despacho a disposición dos veciños, veu unha vez a titular se lle remiteu os servizos urbanismo para que lle explicaran o que tiña que facer, se abreu un trámite de audiencia no expediente e non compareceu. A causa do peche ven reflexado nos informes de urbanismo e da Policía Local. Se todos miramos para o outro lado isto non se amaña nunca. Eu á saída deste Pleno estou a disposición dos titulares no meu despacho, estamos ante este problema agradezo que esten aquí, e me poño a súa disposición para tratar de amañar o asunto, eu recibo a xente cando podo pero recibo a todo o mundo, teño unha axenda e unhas citas dadas, non se me pode impoñer que ten ser un determinado luns as 9 da mañá, porque o mellor teño outras ocupacións ou citas entre elas atender ó meu traballo que é do que vivo. O remate do Pleno xunto cos servizos de urbanismo que son os que saben podemos mirar o asunto, e se o resolvemos para sempre e a tranquilidade de todos.



O Sr. Manuel Cendán, manifesta que a situación chegou ata aquí por que a denunciante presentou 40 denuncias diferentes.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que hai que buscar unha formula, que se puxo como intermediario e non quere que ninguén o engañe, e unha das partes o enganou, e é moi triste que unha persoa que estivo de Alcalde durante 8 anos diga ou limite o problema a que por culpa dunha persoa que esta desequilibrada.

O Sr. Luis Cendán Fernández, interven manifestando que lle preocupa que o Decreto de peche cautelar é porque non se axusta á Lei de 21 de agosto de Promoción de Turismo, e parece ser que non e así, entónces reconsiderese esto.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

Non se presentaron.

Punto núm. 4.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. Rodríguez Doval, pregunta que pasos se deron para cumprir cos acordos da Xunta de Porvocos do pasado día 11 con referencia as Expropiacións do Saneamento de Ares, Fene e Mugardos, alí se tomaron unha serie de acordos, en concreto cales foron os pasos que se deron, en concreto unha proposta que nos faciamos **de comunicación a toda a cidadanía para que tuveran de maneira expresa no seu poder un escrito que se aclarase o preceso e se evitase todo o confusionismo que hai respecto.**

Cando vai a vir a aprobación a Pleno o Proxecto de Saneamento específico para os veciños de Chanteiro, entendemos que falta a aprobación polo Concello Pleno.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que o día 25-03-2008, viu publicada na Voz de Galicia unha noticia a respecto dun desplazamento que fixo o Sr. Alcalde á Consellería de Industria, respecto á negociación de varios temas pero entre eles o soterramento dos cables de Telefonica e Fenosa en Redes concretamente, quería saber en consiste eso, cal é o tipo de axuda que por parte da Consellería se comprometeron, e ó mesmo facer o rogo de que sexa extensivo eso para o caso urbano de Ares.

Con referencia á segunda pregunta, e o tema do Camiño do Campo de Fútbol, de como esta este tema.

E o terceiro e un tema visto que a posta a disposición dos terreos para a construción da GALESCOLA o Centro de Día, estes asuntos xa sairon a contratación, e outro tema que tamén acordamos como o Centro de Saúde, quería saber en que fase se atopa este asunto.



O Sr. Manuel Cendán Fernández, formula as seguintes preguntas:

¿Como está o tema da Piscina?.

A segunda sa falou o portavoz do BNG, é referente ó Proxecto da EDAR, pediría unha reunión co equipo redactor e os responsables da Xunta, antes da aprobación do proxecto, e que podemos amañar, amañalo xa.

Seguidamente fai o rogo de que se amañan os baches nos camiños, reiterando a petición formulada hai dous meses.

O Sr. Alcalde resposta, que en referencia á EDAR na Comisión de Urbanismo, quedamos de reunirmos co equipo de PROYFE empresa que esta levando o tema das expropiacións, está fixada a data para reunirmos con eles, ós efectos de que se nos faciliten os afectados polo tema da expropiación. Temos pendente esta reunión con PROYFE para informarnos da expropiación. Na reunión da Comisión de Urbanismo a dedicamos mairitariamente a falar do Camiño das Poellas. O expediente de expropiación vai a vir a Pleno.

Polo que se refiere o Saneamento de Chanteiro, nos asumimos ante a Consellería de Medio Ambiente, a redacción do proxecto, por razón de premura, o proxecto esta neste momentos en tres organismos para súa avaliación (Costas, Deputación e Augas de Galicia), unha vez que eles o consideren valido e esten en condicións de executar a obra, pedirán licencia e hai volveremos nos o proxecto. Ese proxecto foi enriquecido porquen quixo aportar o seu grao de area, se fixeron unhas quince modificacións a instancia dos veciños, eu me reunin con eles co obxecto de que poidaran facer suxerencias.

Na reunión en Industria, o vindeiro xoves dia 3 vai a facernos unha visita o Sr. Conselleiro de Industria, co obxecto de inaugurar unha obra que foi financiada pola Consellería de Industria que o Mercado Municipal as 12 de maña, por suposto estades todos invitados para recibilo e acompañalo, a parte desa visita intentare plantexarlle unha serie de temas que son de interes para o Concello de Ares, xa o falei cos diversos responsables, como son o Mosteiro de Santa Catalina, as Baterias Militares, tamén é de Industria, tamén e de Industria o tema de comunicacións, tamén se planteou que en Chanteiro pese a ter moitos repetidores de televisión o mínimo que podemos esixir e que se vea ben a tele, tamén se prantexou o tema da mellora do acceso a Internet, sei que a traves do Ministerio de Industria existen uns Plans para dotar de ADSL no rural, enton lle pedin que cando a Consellería de Industria asine o convenio co Ministerio de Industria se acorde de incluír a Chanteiro, e tamén neste ámbito de dotar do acceso a Internet, plantei a posibilidade de dotar dunha rede WIFI ó casco urbano de Redes. E o soterramento de cables en Redes ben que como vamos a facer unha obra que subvenciona Costas, solicitei a intermediación da Consellería de Industria con FENOSA e con Telefónica para que aproveitando esta obra se soterren os cables.



Fumos a recabar a información sobre as condicións técnicas dos tubos que temos que soterrar, e a partir de agora calquer tipo de obra que fagamos intentaremos meter o tubo coas condicións técnicas que nos indique Industria, se soterraren ou non os cables, pero polo menos xa queda o tubo posto. A idea de soterramento de cables e facelo en todo o municipio. Na zona do Lago eliminamos 21 postes de FENOSA e 1 de Telefonica, na zona do Mercado eliminamos todos que foron 5, na zona da Ferradura eliminamos 1, e vamos a retirar absolutamente todos na Praza da Igrexa, e decir onde actuemos trataremos de retirar os postes.

En relación co Camiño do Campo de Fútbol, falamos coa familia propietaria da zona da marxe esquerdo, chegamos a un entendemento, e vamos a executar a obra tal e como esta en proxecto, e automaticamente a través dun POS ou doutro Plan faremos a parte esquerda, a parte dereita que é a que esta no proxecto a vamos a executar agora.

Sendo as 12,44 horas se ausente do Salón de Sesiós o Sr. Vilasánchez Pazos.

Saleu no DOGA, a licitación a redacción dos proxectos das obras da GALESCOLA e do Centro de Día, e una vez que esten realizados os proxectos sairá a contratación a execución dos traballos, o primeiro paso xa está dado, e o compromiso político esta totalmente asumido por todas as partes, o Centro de Saúde, os tramites serían a redacción dos plans sectoriais, na Xerencia de Ferrolterra que é a encargada dicir que eses plans xa están redactados e é unha boa noticia que este plan contempla a demolición total do Centro de Saúde e a construción dun novo Centro na parcela, como pedía o Partido Popular, bueno no só o pedía o Partido Popular, senon que o pedíamos e o queriamos todos, pero aquel consenso de toda a Corporación foi baixo a existencia do Partido Popular da demolición do actual e a construción dun novo Centro Saúde, eu non dubidei nunca de que tiña que ser así, nese Plan Comarcal a Xerencia, considera que as instalacións son deficitarias polo que o procedente é a demolición e construción dun edificio novo que ocupe toda a parcela, ese Plan está na Consellería de Sanidade, e esta ten que facer o mesmo que a Galescola y o Centro de Día, e dicir sacar a concurso a redacción do proxecto. As informacións que eu teño é que o proxecto estará despois de verán e a continuación farase a licitación para a execución das obras, o que levará que en canto se esten construindo teremos que acondicionar o Concello vello para utilizar como Centro de Saúde mentres duren as obras.

Finalmente polo que se refire a Piscina, as noticias que teña e que va ben, que todo esta desbloqueado, o convenio con Fenosa xa está co que se eliminaran os cables de media tensión, e cando falo co Alcalde de Mugaros a información que se me transmite e que todo vai ben e que van a comezar as obras, o tema do Rexistro xa está solventado.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cincuenta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,